

Convenio colectivo de Vigo Recicla, UTE (Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. Contener España, S.L.) para o seu persoal adscrito aos servizos de recollida selectiva de Vigo (Anos 2004-2007)¹

Capítulo I

Normas xerais

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

1. Este convenio colectivo regulará as condicións de traballo de Vigo Recicla, UTE, para o seu persoal adscrito aos servizos de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables do concello de Vigo.

Artigo 2º.-Duración e vixencia.

1. A duración do convenio será de 4 anos, polo que estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2007.

2. Non obstante, seguirase aplicando ata a sinatura do novo convenio que o substitúa, en cuxo momento haberá que aterse ao que determine a lexislación vixente en materia de negociación colectiva.

3. Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura. As condicións económicas terán a súa vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2004.

Artigo 3º.-Denuncia.

1. Este convenio considerarase automaticamente denunciado, unha vez terminada a vixencia prevista no artigo anterior, sen necesidade de aviso previo ningún.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

1. Todas as condicións económicas ou de calquera índole contidas neste convenio, teñen o carácter de mínimas, polo que os pactos, cláusulas ou situacións implantadas por anteriores adxudicatarios, que impliquen condicións máis beneficiosas para os traballadores con respecto a este convenio, individual ou colectivamente, subsistirán para aqueles que as veñen gozando.

Artigo 5º.-Absorción e compensación.

1. As retribucións establecidas neste convenio compensarán e absorberán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a natureza ou a orixe destas.

2. Os aumentos de retribucións que puideran producirse no futuro por disposicións legais, só serán aplicables, cando consideradas globalmente e en cómputo anual, superen ás aquí pactadas. En caso contrario serán compensadas e absorvidas, manténdose este convenio nos seus propios termos.

Artigo 6º.-Comisión mixta paritaria.

1. No prazo máximo de 10 días a partir da sinatura do convenio, constituirase unha comisión mixta de interpretación e vixilancia do convenio.

2. Estará formada por un representante da parte económica e un da parte social. Ambas partes poderán contar con asesores.

3. Reuniranse por instancia de parte, cantas veces sexa necesario, logo de petición dunha das partes.

¹ Publicado no DOG núm. 140, do 21 de xullo de 2005.

4. As súas funcións serán as seguintes:

- a) Interpretación da totalidade das cláusulas deste convenio.
- b) Vixilancia e cumprimento do pactado.
- c) Estudo e valoración de novas disposicións legais de promulgación posterior á entrada en vigor deste convenio, que poidan afectar ao seu contido.

d) Cantas outras actividades tendan á eficacia práctica do convenio e a unha maior solución interna dos conflitos.

Artigo 7º.-Interpretación e aplicación do convenio.

1. Ambas partes conveñen, que calquera dúbida ou diverxencia que poida xurdir, sobre a interpretación ou aplicación deste convenio, sexa sometida, antes de establecer reclamación ante os órganos competentes, a informe da comisión mixta paritaria.

2. A comisión mixta paritaria deberá emitir o seu informe nun prazo máximo de 48 horas, a partir do día seguinte en que fose solicitado.

3. As funcións e actividades da comisión mixta paritaria non obstruirán en ningún caso, o libre acceso á xurisdición administrativa e contenciosa previstas na lei.

Capítulo II

Condicións económicas

Artigo 8º.-Condicións económicas.

1. As condicións económicas serán as que para cada categoría se establecen na táboa salarial anexa, de acordo cos artigos seguintes.

2. O pagamento da nómina mensual efectuarase o último día laborable do mes.

3. O traballador, logo de notificación á empresa dun mes, poderá elixir calquera entidade bancaria, para o ingreso da súa nómina, achegando, xunto coa solicitude, os datos relativos á súa conta bancaria.

Artigo 9º.-Salario base.

1. O salario base do persoal afecto a este convenio será o que para cada categoría se establece na táboa salarial anexa. O salario base devengarase por día natural.

Artigo 10º.-Complemento de mantemento de maquinaria e equipos.

1. Percibirano os traballadores que realicen o traballo de recollida selectiva co obxecto da realización de labores de mantemento de acordo coas indicacións da empresa.

2. Este complemento será percibido por días efectivamente traballados e segundo o importe reflectido na táboa salarial.

Artigo 11º.-Complemento tóxico, penoso e perigoso.

1. O persoal afecto a este convenio percibirá un complemento de posto de traballo denominado complemento tóxico, penoso e perigoso cuxo importe será o reflectido na táboa salarial.

2. Quedan exceptuados da percepción deste complemento os postos de traballo desempeñados por empregados técnicos-administrativos.

3. Este complemento aboarase por día efectivamente traballado.

Artigo 12º.-Complemento de quendas.

1. Será percibido polos operarios de recollida selectiva que traballen con horario de seis días á semana.

2. Para as categorías e polos importes que figuran nas táboas salariais devengarase este complemento por día efectivamente traballado.

3. Vigo Recicla, UTE, motivada por razóns técnicas, organizativas ou produtivas, poderá establecer quendas de traballo de carácter rotativo ou non.

Artigo 13º.-Complemento de transporte.

1. Todo o persoal afectado por este convenio percibirá un complemento extrasalarial, denominado complemento de transporte, cuxo importe será o establecido na táboa salarial anexa.

2. Este complemento aboarase por día efectivamente traballado.

Artigo 14º.-Complemento de nocturnidade.

1. Os traballadores que realicen a súa xornada entre as 22 e as 6 horas percibirán un complemento de nocturnidade, cuxo importe será do 25%, do salario base de cada categoría. A partir do ano 2006 esta porcentaxe será do 30%.

2. Este complemento aboarase por día efectivamente traballado en xornada nocturna.

Artigo 15º.-Complemento de produtividade.

1. Os condutores e peóns afectos a este convenio percibirán un complemento de posto de traballo, denominado complemento de produtividade que, para cada categoría, será o que se especifica nas táboas salariais anexas.

2. Quedan exceptuados da percepción deste complemento os postos de traballo desempeñados por empregados técnicos-administrativos.

3. Este complemento aboarase por día efectivamente traballado cun rendemento normal.

Artigo 16º.-Complemento festivo.

1. Se por necesidades do servizo houbera que traballar en domingos ou festivos aboarase un complemento pola cantidade expresada nas táboas salariais.

Artigo 17º.-Gratificacións extraordinarias.

1. Os traballadores percibirán tres pagas extraordinarias ao ano, que se denominan marzo, verán e Nadal. As gratificacións extraordinarias de verán e Nadal aboaranse, cada unha, a razón de 30 días de salario base; a paga de marzo aboarase a razón de 15 días de salario base. A partir de 2006 esta paga será de 30 días de salario base.

2. As pagas de verán e de Nadal devengarase semestralmente: a de verán, do 1 de xaneiro ao 30 de xuño e a paga de decembro, devengarase do 1 de xullo ao 31 de decembro. Abonarase os días 20 dos meses de xullo e de decembro, respectivamente.

3. A paga extraordinaria de marzo devengarase do 1 de xaneiro ao 31 de decembro, e aboarase o día 20 de marzo do ano seguinte ao do seu devengo.

4. As pagas extras devengarase día a día, non percibíndose nas ausencias inxustificadas. En caso de IT, haberá que atermos ao disposto no artigo 24º.

Artigo 18º.-Incrementos salariais.

1. Os incrementos salariais dos catro anos de vixencia serán do 15%, 12%, 7% e 6%, respectivamente, aplicando estes incrementos sobre o salario anual vixente no período anterior.

Capítulo III

Condições de traballo

Artigo 19º.-Xornada de traballo.

1. A partir do 1 de xuño de 2005, establécese unha xornada semanal de 37,50 horas distribuídas de luns a sábado.

2. No ano 2006 a xornada semanal será de 35,00 horas.

3. Os días efectivos de traballo virán determinados nos calendarios laborais que, para o efecto se establezan cada ano, contando con 14 festivos, a festividade do patrón e con 30 días naturais de vacacións.

Artigo 20º.-Calendario laboral.

1. Achégase como anexo II o calendario laboral para o ano 2005.

Artigo 21º.-Vacacións.

1. Todo o persoal adscrito a este convenio desfrutará de 30 días naturais de vacacións retribuídas, ou a parte proporcional que lle corresponda en función do tempo traballado.

2. As vacacións retribuiranse a razón de 30 días de salario base e 25 días de complemento tóxico, penoso e perigoso.

3. As vacacións desfrutaranse durante os meses de xuño a setembro, e para tal fin confeccionarase un calendario anual de vacacións.

Artigo 22º.-Permisos e licenzas.

1. O persoal afecto a este convenio terá dereito aos seguintes permisos e licenzas:

2.A. Permisos: a empresa poderá concederlle ao persoal que o solicite e por causas xustificadas, ata 15 días de permiso ao ano, sen soldo, sempre que as necesidades do servizo o permitan. Os permisos deberán ser solicitados coa antelación de 15 días, salvo casos de urxente necesidade.

3.B. Licenzas: o persoal terá dereito, sempre que se cumpran os requisitos esixidos pola lei, aos días de licenza retribuída na forma e condicións que a continuación se indican:

a) Por matrimonio do traballador: 18 días naturais.

b) Matrimonio de fillos: 2 días se é na provincia e 3 se é fóra dela.

c) Por nacemento de fillos ou adopción: 3 días.

d) Falecemento, accidente ou enfermidade grave con hospitalización de cónxuxe, pais ou fillos: 4 días.

e) Falecemento, accidente ou enfermidade graves con hospitalización de avós, irmáns ou netos: 3 días.

f) Falecemento de tíos ou sobriños: 1 día, que será o día do soterramento.

g) Por traslado do domicilio habitual: 2 días.

h) Para a renovación do carné de conducir das clases C, D e E de todo o persoal que o requira para a realización do seu traballo na UTE, polo tempo que lle sexa necesario para efectuar recoñecemento psicotécnico ou exames.

i) A empresa, logo de petición dos traballadores que realicen estudos para a obtención dun título profesional e posterior xustificación, concederá as oportunas licenzas para asistir a exames.

j) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.

k) Todo traballador que, unha vez iniciada a súa xornada de traballo e que no transcurso dela se sentira enfermo, ou recibira notificación de accidente o enfermidade graves dalgún familiar de ata segundo grao, e tivera que abandonar o seu posto de traballo, con posterior xustificación médica, percibirá o importe total da dita xornada. Nestes casos a licenza comezará a cumprirse a partir do día seguinte.

4. Como norma xeral as licenzas comezaranse a contar na data en que se produza o feito que as motiva. Se por motivos de hospitalización de familiares, debida a enfermidade grave ou por necesidade de operación, estableceranse quendas de estancia no hospital co fin de atender ao enfermo, o traballador podería comezar a súa licenza en data posterior ao feito causante, logo de comunicación escrita á UTE.

5. A referencia que nos puntos anteriores se fai ao cónxuxe, entenderase feita, así mesmo, á compañeira/o que de forma estable e en situación de feito asimilable ao matrimonio, convivan co traballador/a, logo de certificación de convivencia que acredite a dita situación.

Artigo 23º.-Póliza de accidentes.

1. A empresa subscribirá unha póliza de accidentes que garanta as seguintes indemnizacións:

2.a) En caso de falecemento por accidente laboral ou enfermidade profesional: 20.000 A.

b) En caso de incapacidade permanente total para a profesión habitual, derivada de accidente laboral ou enfermidade profesional: 20.000 A.

c) En caso de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez derivada de accidente laboral ou enfermidade profesional: 24.000 A.

Artigo 24º.-Incapacidade temporal.

1. Nos supostos de IT derivada de accidente laboral, a empresa complementará ata o 100% do salario mensual desde o primeiro día de baixa e mentres dure esta.

2. Nos supostos de IT por enfermidade común que requira hospitalización, a empresa complementará ata o 100% do salario mensual mentres dure a hospitalización.

3. Nos supostos de IT derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, a UTE complementará ata o 75% do salario mensual durante os 20 primeiros días, e ata o 100% a partir do día 21.

4. Igual criterio se seguirá con respecto ao aboamento das pagas extraordinarias.

5. No suposto de concorrer tres ou máis períodos de IT na mesma persoa en dous anos consecutivos, a partir deste terceiro período, o complemento aboarase a partir do segundo mes da data da baixa.

Artigo 25º.-Roupa de traballo.

1. Durante o primeiro ano de vixencia deste convenio entregarase o vestiario completo a cada traballador. A comisión mixta paritaria determinará a calidade e o vestiario que se vaia entregar.

2. O vestiario entregarase no momento da alta na UTE, e irase cambiando conforme as pezas queden deterioradas ou inservibles, logo de entrega da roupa vella.

3. Cando realizando o traballo a roupa rompa, ou quede inservible, a empresa cambiaráa por outra nova, logo de entrega da roupa deteriorada.

Artigo 26º.-Retirada do permiso de conducir.

1. No suposto de que un traballador coa categoría de condutor, realizando o seu cometido cun vehículo da empresa e cumprindo coa función que lle fora encomendada, lle fora retirado provisionalmente o permiso de conducir, a empresa colocaráo noutro posto de traballo adecuado ás súas facultades e respectándolle a retribución de condutor, por un período máximo de dous anos. Ao termo da suspensión do permiso de conducir será reintegrado á súa antiga categoría e posto de traballo. O resto das categorías que desempeñen os labores de condutor serán rexidas por este artigo.

2. Estes beneficios non terán lugar cando a causa da retirada do permiso de conducir sexa debida a negligencia, imprudencia temeraria, embriaguez ou drogadición, ou cando exista reincidencia.

Capítulo IV

Seguridade e saúde

Artigo 27º.-Prevención de riscos laborais. Saúde laboral.

Deber de protección. Integración da prevención: as partes asinantes deste convenio, comprométese ao desenvolvemento da protección da saúde e a seguridade no traballo, ao abeiro da Lei de prevención de riscos laborais. O dereito dos traballadores a un medio de traballo seguro e saudable, tense que articular a través da integración da seguridade e saúde laboral, en todos os estamentos da empresa.

Delegados de prevención: son os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo. Nas empresa de ata trinta traballadores o delegado de prevención será o delegado de persoal.

Avaliación de riscos. Planificación da prevención. Servizos de prevención: Vigo Recicla, UTE está obrigada a ter realizada, actualizada, e documentada, a avaliación de riscos e a planificación da prevención. Así mesmo deberá ter adoptado unha forma de servizo de prevención.

Consulta e participación: Vigo Recicla, UTE realizará as consultas obrigatorias ao representante dos traballadores, para poñer en marcha o seu propio sistema de prevención de riscos.

Artigo 28º.-Información, consulta e participación.

A información, que forma parte da planificación de prevención, sobre os riscos xerais e os inherentes ao posto de traballo, será recollida nos contidos das avaliacións de riscos, de forma escrita dirixida a cada traballador pola UTE.

Formación: a formación aos traballadores realizarase mediante cursos de seguridade e saúde laboral, sobre os riscos xerais da UTE e os inherentes aos seus postos de traballo.

A formación dos delegados de prevención, que forma parte do plan de prevención, realizarase mediante cursos de seguridade e saúde laboral, sobre os riscos da UTE e do sector de limpeza pública (recollida selectiva).

Artigo 29º.-Medidas de emerxencia.

A UTE, dentro do plan de prevención, ten a obriga de ter elaborado un sistema de emerxencias para incendios, evacuación e primeiros auxilios, co persoal designado, formado e cos recursos necesarios para dar resposta a estas contingencias. Terase sempre en conta a posible presenza de persoal doutras empresas e de persoas alleas.

Risco grave e inminente: ante a detección dun risco grave e/ou inminente, xa sexa na avaliación inicial, nas revisións da avaliación ou en calquera outro momento, na UTE Vigo Recicla, xa sexa por persoal do servizo de prevención, delegados de prevención, ou calquera traballador, tomarase a iniciativa de paralización da actividade, operación, ou de toda a actividade do posto

de traballo. Realizándose a partir dese momento un procedemento que inclúa, comunicación aos mandos superiores, tanto verbal como escrita, por parte de quen paraliza ou dos representantes se os houber e as medidas de corrección do risco.

Artigo 30º.-Vixilancia da saúde.

A vixilancia da saúde, como actividade permanente de observación de estado de saúde dos traballadores, será realizada polo servizo de prevención alleo, nestes momentos pola Mutua Fremap, e relacionarase cos riscos do posto de traballo. A realización de actividades puntuais de profundización, en forma de recoñecementos médicos, estará protocolizada e en calquera caso terá relación co traballo realizado. Tanto os resultados da vixilancia da saúde como do recoñecemento médico serán confidenciais, informándose á UTE exclusivamente da aptitude laboral de cada traballador.

Traballadores sensibles. Protección á maternidade: nas avaliacións de riscos incluírase a protección dos traballadores sensibles a determinados riscos, traballadoras embarazadas ou en período de lactación, que terá en conta as diminucións e limitacións do traballador e os postos de traballo compatibles.

Artigo 31º.-Competencias do delegado de prevención.

1. As competencias do delegado de prevención serán as seguintes:

a) Colaborar coa dirección da UTE na mellora da acción preventiva.
b) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.

c) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

2. A UTE facilitará os medios de propaganda necesarios, co fin de que todo o persoal estea ao día sobre as recomendacións, obrigas e prácticas en materia de seguridade e saúde.

Artigo 32º.-Recoñecemento médico.

1. Anualmente farase a todos os traballadores un recoñecemento médico de carácter voluntario.

2. Os recoñecementos médicos efectuaranse segundo os protocolos fixados por Fremap de acordo co servizo médico de FCC, S.A.

3. Os resultados do recoñecemento médico, en sobre confidencial, entregaranse ao traballador. A UTE recibirá soamente o ditame médico sobre a aptitude do traballador.

Capítulo V

Melloras sociais

Artigo 33º.-Cota sindical.

1. A UTE descontará da nómina dos traballadores a cota sindical, logo de solicitude escrita de cada un deles.

Artigo 34º.-Horas sindicais.

1. De acordo co artigo 68 do Estatuto dos traballadores, os membros do comité de empresa e os delegados de persoal disporán dun crédito de 15 horas mensuais retribuídas, para o exercicio dos seus labores de representación.

2. Notificarase previamente á UTE e xustificarse con posterioridade.

Artigo 35º.-Excedencias.

1. O traballador con cando menos unha antigüidade na UTE de dous anos, terá dereito a que se lle recoñeza unha excedencia voluntaria de un a cinco anos.

2. Se a excedencia fora solicitada por un prazo inferior a cinco anos, o traballador poderá, logo de comunicación á empresa, prorrogar a dita situación anualmente, ata alcanzar os cinco anos. O traballador avisará á UTE con dous meses de antelación á data prevista para a súa reincorporación, ou prórroga da excedencia, ao posto de traballo.

3. Este dereito só poderá volver ser exercido polo mesmo traballador unha vez transcorridos catro anos desde a finalización da anterior excedencia.

4. En todo o non previsto neste artigo haberá que atermos ao establecido con carácter xeral no artigo 46 do Estatuto dos traballadores e demais normas vixentes sobre a materia.

Artigo 36º.-Información de absentismo.

1. O delegado de persoal será informado trimestralmente, sobre os procesos de incapacidade temporal do persoal afectado por este convenio.

Artigo 37º.-Axuda familiar.

1. Os traballadores afectados por este convenio, que teñan ao seu cargo a unha persoa diminuída psíquica ou física, de acordo coas estipulacións requiridas pola Seguridade Social, e logo de xustificación, percibirán un complemento extrasalarial de 45 A mensuais.

Artigo 38º.-Control de ascensos, promoción interna.

1. A comisión mixta paritaria redactará o Regulamento que regule este tema, para a categoría de condutor.

2. En caso de ausencia de regulación, haberá que atermos ao disposto no convenio colectivo do sector.

Artigo 39º.-Altas e baixas na empresa.

1. Ao traballador entregárase copia do seu contrato de traballo.

2. Cando existan altas de novos traballadores fixos ou eventuais, a UTE comprométese a entregar ao delegado de persoal a copia básica do contrato, indicando apelidos, nome e categoría do novo traballador, así como o tipo de contrato efectuado.

3. O traballador que desexa cesar na UTE deberá comunicalo cunha antelación de 10 días. Este prazo será de 15 días para o persoal administrativo, e dun mes para o persoal titulado.

Artigo 40º.-Faltas e sancións.

1. Aplicarase o capítulo XII, faltas e sancións, do convenio xeral do sector de limpeza pública, viaria, riscos, recollida, tratamento e eliminación de residuos, limpeza e conservación de rede de sumidoiros.

2. Todas as faltas e sancións comunicaranse ao traballador e ao delegado de persoal.

Artigo 41º.-Dereito de información.

1. A UTE facilitará ao comité a información establecida con carácter xeral no artigo 64.1º do Estatuto dos traballadores, referida á actividade de recollida selectiva da cidade de Vigo.

Artigo 42º.-Xubilación.

1. Xubilación anticipada.

1.1. A UTE afectada por este convenio aceptará a xubilación anticipada para os traballadores que accedan a tal situación aos 64 anos, de acordo co regulado no Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo.

A UTE subscribirá un contrato de relevo, en substitución do traballador xubilado, por un período mínimo dun ano.

1.2. Igualmente actuarase cando o traballador solicite a súa xubilación anticipada a partir dos 60 ou 61 anos, de acordo co preceptuado no Real decreto 1132/2002, do 31 de outubro, se ben nestes casos non se concertará contrato de relevo.

2. Xubilación parcial.

2.1. A UTE afectada por este convenio aceptará a xubilación parcial dos traballadores que accedan a tal situación a partir dos 60 anos, de acordo co regulado no Real decreto 1131/2002, do 31 de outubro.

Cando o traballador que acceda a esta situación teña unha idade inferior a 65 anos, a empresa subscribirá un contrato de relevo, en substitución do traballador xubilado parcialmente, polo período que resta para a xubilación total do traballador relevado. O traballador que opte a esta situación deberá reducir a súa xornada anual de traballo e o salario, entre un mínimo dun 25% e un máximo do 85%. A xornada efectiva de traballo, en horas anuais, que resulte de aplicar a porcentaxe de redución á xornada anual do servizo, será executada de forma ininterrompida, a xornada completa, no período de tempo que determine a UTE.

2.2. Cando a xubilación parcial sexa do 85%, correspondendo realizar o 15% da xornada de traballo efectivo, esta xornada poderá realizarse, a opción do traballador, ben inmediatamente a partir da data de xubilación parcial, ou ben no período de vacacións do persoal. Nestes casos concertarase un contrato de relevo a tempo completo, ata a idade regulamentaria de xubilación que, para estes efectos, se establece en 65 anos.

3. Xubilación normal.

3.1. Enténdese por xubilación normal, a situación do traballador que se xubila a partir dos 65 anos. Nestes casos a UTE comprométese a non amortizar o posto de traballo deixado vacante por quen se xubile, e procederá a cubri-lo polo contrato que sexa pertinente de acordo coa lexislación vixente no momento da xubilación.

Artigo 43º.-Créditos persoais.

1. Crearase un fondo de 6.000 A, regulándose pola comisión mixta paritaria a forma de distribución e reintegro. O prazo máximo para a devolución será de 12 meses. Para tal fin redactarase un Regulamento para a concesión destes préstamos.

Artigo 44º.-Festividade patronal.

1. O día de San Martiño de Porres, 3 de novembro, será considerado festivo.

Artigo 45º.-Asembleas.

1. Os traballadores disporán dun crédito de 6 horas anuais para a celebración de asembleas dentro da xornada de traballo, logo de notificación á empresa.

Artigo 46º.-Fondo social.

1. Doarase un Fondo Social coa cantidade de 750 A. Este fondo será xestionado pola comisión mixta paritaria e estará destinado a financiar accións e programas de carácter social, cultural ou deportivo, do persoal adscrito a este centro de traballo.

Artigo 47º.-Complemento de axuda escolar.

1. Co fin de compensar os gastos de matriculación escolar, libros, etc., establécese un complemento extrasalarial de 95 A/ano por cada fillo. Aboarase no mes de setembro, logo de solicitude e xustificación.

Capítulo VI

Subrogación do persoal

Artigo 48º.-Subrogación do persoal.

1. O cambio de titularidade de Vigo Recicla, UTE ou dunha unidade autónoma desta, non extinguirá por si mesma a relación laboral, quedando o novo empresario subrogado nos dereitos e obrigas laborais do anterior. O cambio de titularidade exixirá o recoñecemento da representación sindical dos traballadores afectados.

2. Se algún dos servizos mencionados, deixasen de prestarse pola non renovación ou rescisión da concesión administrativa, os traballadores adscritos aos ditos servizos, serán absorbidos pola nova empresa adxudicataria, ou, se é o caso, polo propio Concello de Vigo, nas mesmas condicións económicas e laborais que se establecen neste convenio, ou no que o substitúa.

3. Tanto o empresario cedente como o novo concesionario responderán solidariamente das obrigas laborais nadas con anterioridade á transmisión e que non foran satisfeitas.

4. En todo o non previsto neste artigo, haberá que aterse ao estipulado con carácter xeral no capítulo XI do convenio xeral do sector, así como ao establecido no artigo 44.1º do Estatuto dos traballadores.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non previsto no vixente convenio haberá que aterse ao disposto no convenio xeral do sector de limpeza pública, viaria, riscos, recollida, tratamento e eliminación de residuos, limpeza e conservación de rede de sumidoiros, ao Estatuto dos traballadores e demais lexislación vixente na materia.

Segunda.-Este convenio constitúe un todo orgánico e indivisible, e para efectos da súa aplicación práctica, considerarase globalmente e en cómputo anual.

Disposición derogatoria

De acordo co estipulado no artigo 86.4º do Estatuto dos traballadores, o convenio que sucede a un anterior derroga na súa integridade a este último, salvo

os aspectos que expresamente se manteñan. Así pois, queda sen aplicación efectiva no ámbito deste convenio colectivo de empresa:

1. O convenio colectivo da empresa Tecmed, S.A., que ata o día 31 de decembro de 2002, regulaba as relacións deste persoal adscrito aos servizos de recollida selectiva de Vigo.

ANEXO I

Calendario laboral (cadro de horarios) para o ano 2005

Servizo de contenerización, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos reciclables (en vigor desde o 1 de xuño)

1. Servizo de recollida de papel-cartón.

-Luns a sábado:

Mañá: das 6.00 ás 13.30 horas.

Tarde: das 13.30 ás 21.00 horas.

Noite: das 22.30 ás 6.00 horas.

2. Servizo de recollida de envases.

-Luns a sábado:

Mañá: das 6.00 ás 13.30 horas.

Tarde: das 13.30 ás 21.00 horas.

Noite: das 22.30 ás 6.00 horas.

3. Servizo de recollida de vidro.

-Luns a sábado:

Mañá: das 6.00 ás 13.30 horas.

Tarde: das 13.30 ás 21.00 horas.

Noite: das 22.30 ás 6.00 horas.

4. Servizo de recollida de pilas.

-Luns a sábado:

Mañá: das 9.00 ás 13.30 horas.

Tarde: das 16.00 ás 19.00 horas.

5. Servizo de taller.

-Luns a sábado:

Mañá: das 9.00 ás 13.30 horas.

Tarde: das 16.00 ás 19.00 horas.

6. Servizo de oficinas.

* Horario de inverno: do 1 de outubro ao 31 de maio:

-Luns a xoves:

Mañá: das 8.30 ás 14.00 horas.

Tarde: das 16.00 ás 18.30 horas.

-Venres:

Mañá: das 8.30 ás 14.00 horas.

* Horario de verán: do 1 de xuño ao 30 de setembro:

Mañá: das 7.30 ás 15.00 horas.

7. Festivos.

-Festivos locais:

28 de marzo (Reconquista).

16 de agosto (San Roque).

-Festividade patronal:

3 de novembro (San Martín de Porres).